



Compostela
Cultura

ACORDO DA REUNIÓN EXTRAORDINARIA DA COMISIÓN EXECUTIVA DO AUDITORIO DE GALICIA

No Concello de Santiago, ás 13.00 h do día 13 de marzo de 2020, reúnense os membros da Comisión Executiva do Organismo Autónomo Auditorio de Galicia, no Concello de Santiago.

ASISTEN:

Presidente: D. Xosé A. Sánchez Bugallo

Vogal: D^a. Mercedes Rosón Ferreiro, Concelleira de Acción Cultural

Secretario: D. Xaquín López González

ANTECEDENTES

1. Ante as recomendacións e acordos tomados polo Consello da Xunta de Galicia o 12 de marzo de 2020, polo que se adoptan as medidas preventivas en materia de saúde pública na Comunidade Autónoma de Galicia, como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19, onde se indica:

h) Equipamentos culturais.

Suspéndese a apertura ao público de museos, arquivos e outros equipamentos culturais dependentes da Administración autonómica.

i) Espectáculos públicos e actividades recreativas (actividades de lecer, culturais e similares):

- Espazos pechados.

Suspéndese a celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas con máis de 500 persoas en espazos pechados. En caso de estar por debaixo deste límite poderán celebrarse sempre que non se supere un terzo da capacidade autorizada, aplicando as medidas de distanciamento entre grupos de persoas conforme as recomendacións sanitarias. Esta limitación non afectará espazos pechados cunha capacidade igual ou inferior a 50 persoas, ben que deberán aplicarse as medidas de distanciamento entre grupos de persoas conforme as recomendacións sanitarias.

Terceiro. Vixencia

As medidas previstas no punto primeiro do presente acordo terán unha vixencia de 14 días naturais, sen prexuízo da súa prórroga e revisión transcorrido o prazo inicialmente previsto.

2. A Xunta de Goberno local do Concello de Santiago acordou a suspensión dos espectáculos escénicos nos recintos municipais na súa sesión de 12 de marzo de 2020.

AUDITORIO DE GALICIA
Avenida do Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 55 22 90
Billeteiras: 981 571 026 / 981 552 290
Fax: 981 574 250
info@auditoriodegalicia.org



AUDITORIO DE GALICIA
PALACIO DA ÓPERA, EXPOSICIÓN E CONGRESOS
Santiago de Compostela



CONCELLO DE
SANTIAGO

3. A apertura ao público do Auditorio de Galicia dado as súas características e os seus aforos, dificultaría unha adopción de medidas de control fronte á evolución da epidemia.

ACORDO

Vistos os antecedentes e as recomendación en materia de prevención da saúde elaboradas polas autoridades competentes, a comisión executiva do Auditorio de Galicia,

acorda por unanimidade:

1. Ordenar o peche ao público do Auditorio de Galicia a partir das 18:00 h do día 13 de marzo de 2020 por un período de 14 días naturais. Sen prexuízo de que este período poida ser diminuído ou aumentado segundo as instrucións ou recomendación ditaminadas polas autoridades competentes na materia.

2. Adoptar as futuras medidas de prevención e reorganización do traballo que poidan ser ditaminadas por parte do Concello de Santiago de xeito automático, en tanto que o Auditorio de Galicia é un organismo administrativo dependente do Concello de Santiago.

O Presidente



A Vogal



O Secretario

